

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

Tic Tac Town. A chave do cambio: O teu tempo.

Dende o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Boiro comprácenos presentarlle á cidadanía a actividade "**Tic Tac Town, a Chave do Cambio: O teu tempo**", organizada polo Concello de Boiro e a Deputación de A Coruña e implementada por Senes, Desenvolvemento Comunitario, que se vai levar a cabo no noso Concello o vindeiro Xoves día 23 de Abril de 2015 en horario de 10:00 a 14:00 horas no Pavillón da Piscina Municipal.

"Tic Tac Town é unha vila itinerante que nace co obxectivo de fomentar a participación da comunidade en actividades de voluntariado, promovendo así os valores solidarios e o compromiso social como parte dun proceso de transformación persoal e social. Con este día do voluntariado e do asociacionismo quérense canalizar todas as potencialidades que se atopan nun espazo onde conflúen persoas con diferentes inquietudes e aportacións. Preténdese crear sinerxias e nexos entre as entidades, asociacións, organizacións, fundacións...e as persoas que desexan compartir, aprender e loitar. Ese espazo será o Pavillón da piscina municipal de Boiro e esas entidades serán do máis variado, dende aquelas que se adican á atención a persoas con diversidade funcional a asociacións protectoras de animais, asociacións de veciños, asociacións culturais, ONGs e grupos de artesáns.

Esta actividade, dirixida e aberta ao público en xeral, permitirá aos asistentes coñecer o voluntariado e o asociacionismo ao tempo de gozar de obradoiros, actuacións e outras actividades.

Boiro, 20 de abril 2014